

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CPR PLURILINGÜE
SAGRADA FAMILIA



Revisión n.º: 00
Data: 14/10/2024

DATA DE APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 14/10/2024

DATA DE APROBACIÓN POLO CONSELLO: 14/10/2024

DATA DA 1.ª REVISIÓN:

DATA DA 2.ª REVISIÓN:

TÁBOA DE CONTIDO

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTORNO, EN RELACIÓN COA TIPOLOXÍA DO ALUMNADO	5
1.1. O CONTORNO FÍSICO	5
1.2. O CONTORNO SOCIAL	5
1.3. O EQUIPO DOCENTE	5
1.4. CONSTITUCIÓN DO DEPARTAMENTO	5
1.5. HORARIOS	6
1.6. ALUMNADO	6
2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES	7
2.1. ALUMNADO CON NEE (PROBLEMAS DE CONDUTA E DISCAPACIDADE)	7
2.2. ALUMNADO CON DIFICULTADES ESPECÍFICAS DE APRENDIZAXE	7
2.3. ALUMNADO CON TDAH	7
2.4. ALUMNADO TEA	8
2.5. ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS	9
2.6. ALUMNADO CON INCORPORACIÓN TARDÍA AO SISTEMA EDUCATIVO, OU POR CONDICIÓNNS PERSOAIS OU DE HISTORIA ESCOLAR	9
2.6.1. ALUMNADO MIGRANTE	10
2.6.2. ALUMNADO REPETIDOR	10
2.6.3. ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES	11
2.6.4. ALUMNADO CON ATENCIÓN HOSPITALARIA OU DOMICILIARIA	11
2.6.5. ALUMNADO CON RISCO SUICIDA	11
2.6.6. ALUMNADO ABSENTISTA	12
2.6.7. ALUMNADO EN RÉXIME DE ACOLLEMENTO OU EN SITUACIÓN SOCIAL DESFAVORECIDA	12
3. OBXECTIVOS	13
4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNNS, MEDIDAS E PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	14
4.1. PROCEDEMENTOS PARA A DETECCIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO	14
4.1.1. COMUNICACIÓN AO TITOR/A	14
4.1.2. TRASLADO AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	14
4.1.3. RECOLLIDA E INCORPORACIÓN DA INFORMACIÓN PROPORCIONADA DA ETAPA ANTERIOR	14
4.2. RELACIÓN DE PROGRAMAS DE IMPLEMENTACIÓN POTENCIAL E ORGANIZATIVAS PREVISTAS PARA TODO O CENTRO	14
4.2.1. PROTOCOLO DE ACOLLIDA DO ALUMNADO	14
4.2.2. PROTOCOLO DE ABSENTISMO	15
4.2.3. PROTOCOLO TDAH	15
4.2.4. PROTOCOLO TEA	15
4.2.5. PROCEDEMENTO CO ALUMNADO EN ATENCIÓN DOMICILIARIA OU HOSPITALARIA	15
4.2.6. PROCEDEMENTO DE INCLUSIÓN DO ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA	15
4.2.7. PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DE PENDENTES	15

4.2.8. PLAN DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO REPETIDOR	15
5. MEDIDAS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS	15
5.1. MEDIDAS ORDINARIAS	15
5.1.1. ELABORACIÓN DOS GRUPOS	16
5.1.2. DESDOBRAMENTOS DE GRUPOS	16
5.1.3. EXENCIÓNS DE 2. ^a LINGUA ESTRANXEIRA	16
5.1.4. APLICACIÓN DE REFORZO EDUCATIVO	17
5.1.5. APOIO DO PROFESORADO CON DISPOÑIBILIDADE HORARIA	17
5.1.6. PROGRAMAS DE ENRIQUECEMENTO CURRICULAR	17
5.1.7. PROGRAMAS DE SEGUIMIENTO DE ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES	18
5.1.8. PROGRAMAS DE HABILIDADES SOCIAIS E MELLORA DA CONVIVENCIA	19
5.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS	19
5.2.1. ADAPTACIÓNS CURRICULARES	19
5.2.2. AGRUPAMENTOS FLEXIBLES	20
5.2.3. APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E EN AUDICIÓ E LINGUAXE	21
5.2.4. FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN	21
5.2.5. MODALIDADE DE ESCOLARIZACIÓN COMBINADA	22
5.2.6. ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA OU HOSPITALARIA	23
5.2.7. ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA CON DESFASE CURRICULAR	23
6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS E MEDIDAS DESEÑADAS	25
6.1. MEDIDAS ORDINARIAS	25
6.1.1. ELABORACIÓN DOS GRUPOS	25
6.1.2. DESDOBRAMENTOS DE GRUPOS	25
6.1.3. EXENCIÓNS DE 2. ^a LINGUA ESTRANXEIRA	25
6.1.4. APLICACIÓN DE REFORZO EDUCATIVO	25
6.1.5. APOIO DO PROFESORADO DENTRO DA AULA	25
6.1.6. PROGRAMAS DE ENRIQUECEMENTO CURRICULAR	25
6.1.7. PROGRAMAS DE REFORZO NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS BÁSICAS	26
6.1.8. PROGRAMAS DE SEGUIMIENTO DE ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES	26
6.1.9. PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DE MATERIAS SUSPENSAS	26
6.1.10. PROGRAMAS DE HABILIDADES SOCIAIS E MELLORA DA CONVIVENCIA	26
6.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS	26
6.2.1. ADAPTACIÓNS CURRICULARES	26
6.2.2. AGRUPAMENTOS FLEXIBLES	27
6.2.3. APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E EN AUDICIÓ E LINGUAXE	27
6.2.4. FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN	27
6.2.5. MODALIDADE DE ESCOLARIZACIÓN COMBINADA	27
6.2.6. ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA OU HOSPITALARIA	27
6.2.7. ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA CON DESFASE CURRICULAR	28
7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN	29

7.1. REUNIÓNS NO PROPIO CENTRO	29
7.2. REUNIÓNS COS CENTROS ONDE EXISTA ALUMNADO EN ESCOLARIZACIÓN COMBINADA	29
7.3. REUNIÓNS COS PROFESIONAIS QUE ATENDEN ALUMNADO EN ATENCIÓN DOMICILIARIA OU HOSPITALARIA	29
8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, COS PAIS OU COS TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO	30
8.1. COLABORACIÓN CON FAMILIAS OU TITORES LEGAIS	30
8.2. COLABORACIÓN CON INSTANCIAS EXTERNAS	30
8.3. PROCEDemento DE SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO	30
9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E A AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS	31
9.1. PROTOCOLO DE DERIVACIÓN DO ALUMNADO AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	31
9.2. ADAPTACIÓN CURRICULAR	31
9.3. FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN	31
9.4. AGRUPAMENTOS FLEXIBLES	32
10. MEDIDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROTOCOLOS ESTABLECIDOS POLA CONSELLERÍA	33
10.1. ABSENTISMO	33
10.2. TDAH/TDA	33
10.3. TEA	33
10.4. DISLEXIA E OUTRAS DIFICULTADES ESPECÍFICAS DA APRENDIZAXE	33
11. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN	34
12. ANEXOS	35
12.1. MODELO DE SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	36
12.2. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Á FAMILIA POR AC E DOCUMENTO DE SEGUIMENTO DA AC	38
12.3. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Á FAMILIA POR AGRUPAMENTO FLEXIBLE	39
12.4. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Á FAMILIA POR ATENCIÓN PT/AL	40
12.5. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Á FAMILIA POR AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA	41
12.6. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Á FAMILIA POR EXENCIÓN DE FRANCÉS	42
12.7. INFORME INDIVIDUAL FINAL DE CURSO SOBRE MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO	43
12.8. PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS	44

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTORNO, EN RELACIÓN COA TIPOLOXÍA DO ALUMNADO

1.1. O CONTORNO FÍSICO

O colexio está localizado no conxunto histórico-artístico do pazo de Vista Alegre, sito na rúa Vista Alegre, 2, no centro urbano de Vilagarcía de Arousa.

1.2. O CONTORNO SOCIAL

O noso contorno é o dunha sociedade urbana, coa maioría das vantaxes dunha cidade pequena, moi cómoda para o desenvolvemento ordinario da vida, con distancias curtas a todos os servizos. Unha cidade serena, onde, maioritariamente, a cidadanía se coñece.

As familias do noso alumnado son de nivel socio-cultural medio e medio-alto, algunhas de profesionais cualificados/as, xa que somos un centro concertado aberto a todos. Forman un grupo humano moi diverso en canto a cultura, criterios educativos e planificacións sociais. Teñen en común a preocupación pola educación e o futuro dos seus fillos e fillas. Buscan un contexto seguro para eles e elas, valoran a educación en valores, o bo nivel académico que lles ofrecemos e o seguimento e coidado do profesorado para cos seus fillos e fillas. Un terzo das familias elixe tamén o noso centro polo seu carácter relixioso.

1.3. O EQUIPO DOCENTE

No momento da realización deste plan, curso 2024-2025, a composición do equipo docente é a seguinte:

EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA	
Educación Infantil	6 profesores/as-titores/as
Educación Primaria	12 profesores/as-titores/as
Especialistas e apoio	5 profesores/as
TOTAL	23 PROFESORES/AS
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	
ESO	8 profesores/as-titores/as
Especialistas ESO	8 profesores/as
Orientadora	1
TOTAL	17 PROFESORES/AS
TOTAL PROFESORES/AS CENTRO	40 PROFESORES/AS

1.4. CONSTITUCIÓN DO DEPARTAMENTO

No momento da elaboración deste plan, o Departamento de Orientación está composto polas seguintes funcións e persoas:

- Xefa do Departamento de Orientación: Carmen Bea Pérez
- Especialista en pedagogía terapéutica: Irene Berride Cuevas
- Mestre especialista en audición e linguaxe: Marta Outeda Solla
- Profesorado con dispoñibilidade horaria para realizar o apoio en Primaria.
- Profesorado da ESO con dispoñibilidade horaria para impartir o agrupamento específico nas materias de Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

1.5. HORARIOS

- Educación Infantil: de 09.15 a 14.15 h, con dous recreos: o primeiro, para merendar na aula, de 11.15 a 11.45 h; o segundo, no patio, de 11.45 a 12.15 h.
- Educación Primaria: de 09.15 a 14.15 h, cun recreo, de 11.45 a 12.15 h.
- Educación Secundaria: de 08.40 a 14.15 h, cun recreo, de 11.15 a 11.45 h; os martes pola tarde, de 16.15 a 18.00 h.

1.6. ALUMNADO

O noso centro oferta as tres etapas obrigatorias. Contamos con dúas liñas en cada nivel das etapas. A ratio nas aulas de Infantil e Primaria xeralmente é a estipulada pola lei (25 alumnos/as), aínda que a baixada da natalidade e a crise económica teñen afectado algún ano no número de alumnos/as matriculados/as. Esta ratio é máis variable na ESO, dependendo do curso e do ano escolar; neste caso non só afecta a matrícula, senón tamén o número de alumnos/as que repite un curso.

Dentro de cada unha das etapas adoitamos contar con alumnado tanto con NEE como con NEAE, para os que temos que adoptar aquelas medidas e accións que garantan o desenvolvemento das súas aprendizaxes.

O noso é un centro ordinario que oferta as prazas reservadas pola lei para alumnado con NEE.

2.IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

2.1. ALUMNADO CON NEE (PROBLEMAS DE CONDUCTA E DISCAPACIDADE)

De conformidade co artigo 73 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais o que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

2.2. ALUMNADO CON DIFICULTADES ESPECÍFICAS DE APRENDIZAXE

De conformidade co artigo 71.2 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso maturativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

2.3. ALUMNADO CON TDAH

O trastorno por déficit de atención e hiperactividade é un patrón persistente de conduta de desatención, hiperactividade e impulsividade que comeza a manifestarse ao longo da infancia e que inflúe negativamente no funcionamento e no desenvolvemento das nenas, dos nenos e dos/as adolescentes afectados/as.

É normal que as manifestacións condutuais (síntomas) do trastorno varíen dunha persoa a outra e tamén o é que a presentación dos síntomas poida variar nunha mesma persoa ao longo do seu crecemento. Na actualidade, considérase que o trastorno pode amosarse en tres modalidades diferentes:

- Presentación combinada. É a máis habitual. Nela, tanto os síntomas de inatención como os de impulsividade-hiperactividade danse nun grao excesivo para o nivel evolutivo da persoa.

- Presentación predominantemente impulsivo-hiperactiva. Nela predominan os síntomas de impulsividade e hiperactividade, mentres que os síntomas de inatención teñen unha menor presenza. Esta presentación é máis frecuente nas nenas e nos nenos de menor idade.
- Presentación predominantemente inatenta. Nesta presentación existe unha maior presenza dos síntomas de inatención.

2.4. ALUMNADO TEA

Tomando como referencia os criterios diagnósticos que propón o DSM-5, o alumnado TEA presenta:

a) Deficiencias persistentes na comunicación social e na interacción social en diversos contextos, de xeito que:

1. As deficiencias na reciprocidade socioemocional varían desde un achegamento social anormal e fracaso da conversación normal en ambos os dous sentidos, pasando pola diminución en intereses, emocións ou afectos compartidos, ata o fracaso en comezar ou responder a interaccións sociais.

2. As deficiencias nas condutas comunicativas non verbais utilizadas na interacción social varían desde unha comunicación verbal e non verbal pouco integrada, pasando por anomalías do contacto visual e da linguaxe corporal ou deficiencias da comprensión e o uso de xestos, ata unha ausencia total de expresión facial e de comunicación non verbal.

3. As deficiencias no desenvolvemento, mantemento e comprensión das relacións varían desde dificultades para axustar o comportamento en diversos contextos sociais, pasando por dificultades para compartir xogos imaxinativos ou para facer amizades, ata a ausencia de interese por outras persoas.

b) Patróns restritivos e repetitivos de comportamento, intereses ou actividades que, actualmente ou polos antecedentes, se manifestan en dous ou máis dos seguintes puntos:

1. Movementos, utilización de obxectos ou fala estereotipados ou repetitivos.

2. Insistencia na monotonía, excesiva inflexibilidade de rutinas ou patróns rituais de comportamento verbal e non verbal.

3. Intereses moi restrinxidos e fixos, que son anormais en canto á súa intensidade ou foco de interese.

4. Hiper ou hiporreatividade aos estímulos sensoriais ou interese non habitual por aspectos sensoriais do contorno.

c) Os síntomas deben estar presentes nas primeiras fases do período de desenvolvemento, aínda que poden non manifestarse totalmente ata que a demanda social supera as capacidades limitadas ou estaren enmascarados por estratexias aprendidas en fases posteriores.

d) Os síntomas causan unha deterioración clinicamente significativa no social, no laboral ou noutras áreas importantes do funcionamento habitual.

e) Todas estas alteracións non se explican mellor polo trastorno do desenvolvemento intelectual ou polo retraso global do desenvolvemento.

2.5. ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS

Unha alumna ou un alumno presenta altas capacidades intelectuais cando manexa e relaciona, de maneira simultánea e eficaz, nun nivel sensiblemente superior á media, recursos cognitivos verbais, numéricos, lóxicos, memorísticos, espaciais e creativos. Considérase talentoso o alumnado que destaca especialmente e de maneira excepcional no manexo dun ou varios destes recursos.

O alumnado con alta capacidade intelectual caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desenvolvemento humano, en comparación cun grupo de referencia e, considerando as súas posibles manifestacións, diferénciase a precocidade, o talento e a superdotación.

Considérase alumnado con alta capacidade intelectual o que presenta unha capacidade intelectual igual ou superior a 130 de cociente intelectual, un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese.

É competencia e responsabilidade da xefatura do Departamento de Orientación, coa colaboración, de ser o caso, dos equipos de orientación específicos, a acreditación da alta capacidade intelectual.

2.6. ALUMNADO CON INCORPORACIÓN TARDÍA AO SISTEMA EDUCATIVO, OU POR CONDICIÓNS PERSOAIS OU DE HISTORIA ESCOLAR

Unha alumna ou un alumno presentan necesidade específica de apoio educativo por incorporación tardía ao sistema educativo cando, por procederen doutros países ou por calquera outro motivo xustificable, se escolarizan tardiamente no noso sistema educativo e presentan dificultades para acadaren os obxectivos e as competencias que lles corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no

descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular.

Os centros docentes garantirán que a escolarización do alumnado que acceda de xeito tardío ao sistema educativo galego se realice atendendo ás súas circunstancias, ás súas competencias, á súa idade e ao seu historial académico, de maneira que se incorpore ao curso máis adecuado ás súas características e ao seu nivel de competencia, cos apoios oportunos, co fin de continuar con aproveitamento a súa educación.

Un alumno ou alumna pode presentar necesidade específica de apoio educativo derivada de condicións persoais ou de historia escolar cando manifesta dificultades na evolución das súas aprendizaxes e na adquisición de obxectivos e competencias por motivos de saúde, por pertenza a determinados grupos sociais ou minorías étnicas, por situacións socioculturais desfavorables, por escolarización desaxustada ou pola combinación de varios dos motivos mencionados.

2.6.1. ALUMNADO MIGRANTE

A chegada de poboación de orixe estranxeira á nosa comunidade autónoma, así como o retorno de emigrantes galegos e das súas familias, está a incidir notablemente na evolución da diversidade na nosa poboación escolar, de xeito que o feito de proporcionar unha resposta educativa a este alumnado convértese nunha liña prioritaria de actuación.

O obxectivo último é a normalización da súa situación escolar en canto sexa posible, polo que se deberán escolarizar no momento da súa chegada, sen necesidade de esperar ao inicio do novo curso.

A escolarización do alumnado que se incorpora tardiamente ao sistema educativo realizarase atendendo ás súas circunstancias, coñecementos, idade e historial académico.

Considérase alumnado obxecto de medidas de atención específica aquel que, tendo unha idade comprendida nos límites da escolarización obrigatoria, presente algunha das seguintes circunstancias:

- a) Descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia
- b) Desfase curricular de dous cursos ou máis, con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.
- c) Graves dificultades de adaptación ao medio escolar, debidas a razóns sociais ou culturais.

2.6.2. ALUMNADO REPETIDOR

As súas necesidades reflíctense no Plan de Recuperación para o Alumnado Repetidor.

2.6.3. ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

As súas necesidades reflíctense no Plan Específico de Materias Pendentes.

2.6.4. ALUMNADO CON ATENCIÓN HOSPITALARIA OU DOMICILIARIA

De conformidade co artigo 25.4 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, será destinatario de atención educativa domiciliaria o alumnado que curse ensinanzas de réxime xeral en modalidade presencial en centros sostidos con fondos públicos que deba permanecer convalecente no domicilio, por prescripción médica, por un período de tempo superior a un mes. Igualmente, serao o alumnado que padeza algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes, dentro dun período mínimo de seis meses. En todos os casos, contarase co preceptivo informe médico.

De conformidade co artigo 25.2 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, será destinatario de atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalgunha das seguintes situacións:

- a) Longa hospitalización: máis de trinta días
- b) Media hospitalización: entre quince e trinta días
- c) Curta hospitalización: menos de quince días

O alumnado de longa e media hospitalización será quen reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas de carácter xeral.

2.6.5. ALUMNADO CON RISCO SUICIDA

A situación derivada da pandemia por COVID-19 supuxo un risco para a saúde mental. Ao propio andazo engadíronse unha serie de repercusións económicas e sociais que provocaron un incremento do illamento social e o abandono de estratexias saudables e de soporte. Estes procesos contribuíron a superar os mecanismos de afrontamento dunha parte da poboación, provocando un aumento de trastornos mentais como a ansiedade, a depresión e o insomnio.

Na adolescencia, a pandemia e os seus efectos sociais agravaron unha serie de cambios no modo de vida e nas dinámicas familiares que xa se viñan observando a nivel internacional na década anterior. Isto provocou un aumento da ansiedade, da depresión, dos trastornos de conduta alimentaria e do uso problemático de

internet. Coa fin do confinamento constatouse un aumento das autolesións e dos intentos de suicidio, especialmente nas mulleres.

Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil (actualizado no ano 2022).

2.6.6. ALUMNADO ABSENTISTA

Tal e como establece o artigo 22 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, absentismo é a ausencia ao centro escolar, sen causa debidamente xustificada, do alumnado en idade de escolarización obrigatoria. Para ser considerado absentismo, esta ausencia debe supor un mínimo do dez por cento (10 %) do horario lectivo mensual.

2.6.7. ALUMNADO EN RÉXIME DE ACOLLEMENTO OU EN SITUACIÓN SOCIAL DESFAVORECIDA

Ademais da atención ás súas NEAE, precisan un seguimento trimestral cos axentes dos servizos sociais do concello.

3.OBXECTIVOS

- Poñer en valor a diversidade como un elemento enriquecedor da comunidade educativa.
- Asegurar que todo o alumnado, sen distinción, acade o grao máximo das súas capacidades, do seu desenvolvemento persoal, social e emocional, así como das competencias básicas e dos obxectivos educativos establecidos para cada etapa (Infantil, Primaria, ESO).
- Diseñar, planificar e desenvolver medidas eficaces, tanto ordinarias como extraordinarias, que lles dean resposta ás características e necesidades do alumnado.
- Potenciar a coordinación das liñas de actuación do profesorado que interveña no proceso educativo de cada alumno/a.
- Fomentar a titoría e a orientación como instrumentos para a prevención, detección e atención do alumnado con NEAE.
- Establecer os mecanismos oportunos para garantir unha adecuada coordinación entre os diferentes profesionais implicados na atención á diversidade: titores/as, profesorado, especialistas, familias e servizos externos.

4.DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

4.1. PROCEDEMENTOS PARA A DETECCIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

4.1.1. COMUNICACIÓN AO TITOR/A

O docente que, logo da avaliación inicial ou pola observación directa, perciba unha dificultade no proceso do desenvolvemento da aprendizaxe ou unha necesidade de apoio nun alumno/a debe poñelo en coñecemento do titor/a o antes posible, de forma oral ou a través do correo electrónico.

Un pai/nai que perciba unha dificultade no proceso do desenvolvemento da aprendizaxe do seu fillo/a pode poñerse en contacto co titor/a por medio da plataforma de comunicación coa familia (CIFRA).

4.1.2. TRASLADO AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O titor/a é o encargado de realizarlle a solicitude de intervención ao Departamento de Orientación (no rexistro correspondente), cando teña coñecemento da existencia dun alumno/a con dificultades manifestas no seu proceso de aprendizaxe.

A identificación desta necesidade pode darse nas seguintes situacións:

- Logo da avaliación inicial
- Na reunión de avaliación trimestral
- En momentos puntuais, coa información obtida da observación directa.

4.1.3. RECOLLIDA E INCORPORACIÓN DA INFORMACIÓN PROPORCIONADA DA ETAPA ANTERIOR

No mes de setembro, antes do inicio do curso, estableceranse as datas para as reunións entre os titores dos cursos, para o trasvase da información do alumnado do curso anterior. Os datos rexístranse na acta da reunión e no rexistro de avaliación inicial do alumno/a no XADE.

4.2. RELACIÓN DE PROGRAMAS DE IMPLEMENTACIÓN POTENCIAL E ORGANIZATIVAS PREVISTAS PARA TODO O CENTRO

4.2.1. PROTOCOLO DE ACOLLIDA DO ALUMNADO

O centro ten elaborado un protocolo para a acollida do alumnado de nova incorporación, cos seguintes apartados:

1. Incorporación, en circunstancias normais:
 - Ao inicio da escolarización (4.º de Educación Infantil)

- Ao inicio do curso
 - En diferentes momentos do curso
2. Incorporación en circunstancias especiais:
- Alumnado migrante
 - Alumnado expulsado doutro centro educativo, a causa do seu comportamento
 - Alumnado con NEAE
 - Outras situacións

4.2.2. PROTOCOLO DE ABSENTISMO

- Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia (Xunta de Galicia)

4.2.3. PROTOCOLO TDAH

- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario (Xunta de Galicia)

4.2.4. PROTOCOLO TEA

- Protocolo de tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro autista (TEA) (Xunta de Galicia)

4.2.5. PROCEDEMENTO CO ALUMNADO EN ATENCIÓN DOMICILIARIA OU HOSPITALARIA

- Atención educativa hospitalaria e domiciliaria en Galicia (Xunta de Galicia)

4.2.6. PROCEDEMENTO DE INCLUSIÓN DO ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA

- Logo da avaliación inicial e, de ser necesario, da realización dunha valoración do Departamento de Orientación, determinaranse as medidas necesarias para a atención á súa diversidade.

4.2.7. PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DE PENDENTES

- Plan específico de materias pendentes (Modelo Inspección Educativa)

4.2.8. PLAN DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO REPETIDOR

- Plan de recuperación para alumnado repetidor (Modelo Inspección Educativa)

5. MEDIDAS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS

5.1. MEDIDAS ORDINARIAS

5.1.1. ELABORACIÓN DOS GRUPOS

A primeira organización dos grupos realízase no 4.º curso de Educación Infantil, nivel no que acceden ao noso centro. O criterio principal é manter a heteroxeneidade en canto ao sexo (mesmo número de rapazas ca de rapaces), ademais da idade (mes de nacemento).

Establecerase de acordo cos principios de normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia.

Dende o curso 2016/2017, realízase un cambio nos agrupamentos do alumnado nos cursos dos que pasan de Educación Infantil a 1.º de Educación Primaria, dos de 4.º que pasan a 5.º e dos de 6.º que pasan a 1.º de ESO, tendo en conta sempre as relacións sociais entre o alumnado, as súas dificultades e necesidades para a aprendizaxe, tratando de equilibrar a heteroxeneidade.

5.1.2. DESDOBRAMENTOS DE GRUPOS

No caso de que algunha materia optativa fose elixida por un número elevado de alumnos/as, o centro poderá optar polo seu desdobre, sempre e cando exista dispoñibilidade horaria do profesorado que o faga viable.

5.1.3. EXENCIÓNS DE 2.ª LINGUA ESTRANXEIRA

Seguirase o establecido na Resolución do 15 de xullo de 2016, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da Educación Secundaria Obrigatoria, no artigo 6: Exención da segunda lingua estranxeira:

O alumnado dos cursos primeiro e segundo que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira. Neste caso, recibirá reforzo educativo naqueles aspectos nos que se detectasen as dificultades, logo do informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior, coa colaboración do Departamento de Orientación, no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada. Nos seus documentos de avaliación figurará coa mención de exento/a.

A competencia da decisión recaerá na dirección do centro docente, oídas as nais, os pais ou os titores/as legais do alumnado afectado pola medida.

O alumnado que estea exento de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira, no horario lectivo correspondente recibirá clases de reforzo da materia de Lingua Galega e Literatura por un docente, coa especialidade , que teña dispoñibilidade horaria.

5.1.4. APLICACIÓN DE REFORZO EDUCATIVO

O reforzo educativo é unha medida de atención á diversidade que afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinado ao alumnado que, coa modificación dos elementos citados, pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe.

As medidas de reforzo educativo debe elaboralas a profesora ou o profesor que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo no que a alumna ou o alumno necesite esa medida, co coñecemento do profesorado titor, que deberá informar a xefatura de estudos e a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado.

O desenvolvemento das medidas de reforzo educativo levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo.

As medidas de reforzo educativo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo, segundo o modelo deseñado polo Departamento de Orientación do centro docente, que será arquivado segundo o procedemento establecido polo centro.

O profesorado que realice o seguimento dos *Plans de RE* (incluídos no documento do propio plan) entregarállelo aos titores/as antes da reunión de avaliación; o *Informe individual de final de curso* entregaráselles aos titores/as e á xefa do Departamento de Orientación, antes da reunión de avaliación de final de curso.

5.1.5. APOIO DO PROFESORADO CON DISPOÑIBILIDADE HORARIA

Nas áreas/materias de Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas o reforzo educativo do profesorado pode contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.

5.1.6. PROGRAMAS DE ENRIQUECEMENTO CURRICULAR

Os programas de enriquecemento curricular son programas de tratamento personalizado destinados ao alumnado que presenta altas capacidades intelectuais. A finalidade destes programas é promover e desenvolver os distintos talentos, dando resposta ás inquiredanzas, ás potencialidades e ao interese por aprender que manifieste o dito alumnado e manter o seu nivel de motivación.

O alumnado con altas capacidades intelectuais que curse ensinanzas de réxime xeral pode ser destinatario deses programas.

As persoas especialistas en altas capacidades intelectuais dos equipos de orientación específicos, no contexto da súa función de asesoramento, daránlles a coñecer aos departamentos de Orientación pautas sobre programas de enriquecemento curricular para o alumnado con altas capacidades intelectuais. Será o equipo docente dese alumnado quen os desenvolva, co asesoramento da xefatura do Departamento de Orientación.

Os programas de enriquecemento curricular deberán desenvolverse na aula ordinaria e terán como referente o currículo do curso co que estea escolarizado o alumnado con altas capacidades intelectuais. É competencia e responsabilidade do profesorado da área, da materia, do ámbito ou do módulo a oferta de actividades e a organización da aula, para que a diversidade do alumnado se beneficie desa medida.

Con carácter xeral, a participación nun programa de enriquecemento curricular reflectirase nos documentos oficiais de avaliación do alumnado.

Un docente que conte con alumnado acreditado con altas capacidades deberá establecer co grupo-clase unha metodoloxía na que todo o alumnado se beneficie. Esta metodoloxía ten a súa base na aprendizaxe colaborativa, nos traballos en grupo ou por parellas..., onde cada un lle realiza a súa aportación ao grupo, dependendo das súas habilidades e competencias.

Son os docentes os que deben establecer inicialmente un *perfil de aula* no que se definan as potencialidades, o estilo de aprendizaxe, os intereses e as dificultades de cada membro do grupo-clase. Logo, con base neste, poderá organizar os diferentes agrupamentos e deseñar situacións de aprendizaxe nas que se combinen de xeito equilibrado exercicios, actividades e tarefas.

Por outro lado, os diferentes docentes poden ofertar actividades de ampliación ou traballo de afondamento nun tema que o alumnado pode escoller, segundo os seus intereses.

5.1.7. PROGRAMAS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

O alumnado de Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

Cando sexa posible, o plan de reforzo será elaborado polo profesor/a que lle impartiu ao alumno/a a materia suspensa; no caso de que non sexa viable, será o profesor/a da materia do presente curso. En calquera dos casos, farase sempre

baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatario. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporización.
- g) Seguimento e avaliación
- h) Acreditación da información á familia

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso no que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na Educación Secundaria Obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Na ESO está establecido un plan para a recuperación das materias pendentes (cuadrimestral), reflectido nas programacións didácticas.

5.1.8. PROGRAMAS DE HABILIDADES SOCIAIS E MELLORA DA CONVIVENCIA

Este programa terá por destinatarios:

- Todo o alumnado de Primaria e ESO (Plan de Acción Titorial)
- O alumnado de Infantil, Primaria e ESO que está a manifestar un problema de convivencia puntual.

5.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

5.2.1. ADAPTACIÓNS CURRICULARES

1. Requisitos. Todos aqueles alumnos e alumnas que manifesten NEAE e presenten un gran desfase do seu nivel de competencia curricular co currículo ordinario do curso no que están matriculados.
Adáptase o currículo a aquel alumnado con grandes dificultades no seu proceso de ensino-aprendizaxe, para os/as que as medidas ordinarias non foron suficientes.
2. Procedementos. A decisión de realizar unha AC a un alumno/a é tomada polo equipo docente, asesorado pola xefa do Departamento de Orientación, na reunión da 3.ª avaliación. Nesta proposta introdúcese modificacións significativas nos elementos prescritivos do currículo común (obxectivos, contidos e criterios de avaliación) e pode afectar a unha, a varias ou a todas as áreas. Na reunión inicial de curso a xefa do Departamento de Orientación elabora un informe psicopedagóxico, asesora os docentes implicados para a elaboración da AC e solicita a aprobación ante a Inspección Educativa.
3. Referentes. O currículo de referencia é o do curso no que está matriculado o/a alumno/a.
4. Seguimento. Realízase, de maneira trimestral, na reunión de avaliación e recollerase no documento de seguimento e avaliación trimestral da AC.

5.2.2. AGRUPAMENTOS FLEXIBLES

Os agrupamentos flexibles, ou grupos flexibles, consisten en agrupamentos temporais de alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe en determinadas áreas ou materias, nas que necesita unha atención máis individualizada e ao cal a oferta de medidas ordinarias de atención á diversidade non lle abonda para seguir con éxito os procesos de ensino e de aprendizaxe. Estes agrupamentos só poderán realizarse nos dous derradeiros cursos da educación primaria e na educación secundaria obrigatoria.

O alumnado derivado a un grupo flexible pertencerá, para todos os efectos, a un mesmo nivel educativo e manterase a necesaria coordinación entre o profesorado do grupo ordinario e o do agrupamento flexible. Esta medida ten un carácter reversible, xa que a súa finalidade é a pronta incorporación do alumnado ao seu grupo ordinario.

Os agrupamentos flexibles poderán realizarse, prioritariamente, nas áreas ou nas materias de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas; o alumnado permanecerá nestes agrupamentos a totalidade do horario semanal da área ou da materia. Unha mesma alumna ou un mesmo alumno poderá ser

derivado a máis dun grupo flexible, sempre que non se superen, con carácter xeral, os trece períodos lectivos da totalidade do horario semanal do grupo ordinario.

5.2.3. APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E EN AUDICIÓN E LINGUAXE

1. Requisitos. Alumnado que presenta NEE ou, excepcionalmente, con NEAE.
2. Necesidades. Precisan unha metodoloxía individual e específica para traballar aspectos da súa aprendizaxe relacionados coa súa conducta ou coa súa linguaxe.
3. Plan de traballo. Establecerase a principio de curso, tendo en conta as NEAE do alumno/a.
4. Horario. Establecerase a principio de curso, en coordinación cos titores/as e dependendo das necesidades do alumnado e da dispoñibilidade horaria dos mestres/as especialistas.
5. Lugar. Dentro ou fóra da aula. Fóra da aula ordinaria, esa atención terá carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagóxico, terá unha distribución semanal equilibrada e non poderá exceder a terceira parte dos períodos lectivos semanais, que en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada área ou materia, agás que o alumnado estea escolarizado nunha modalidade diferente á ordinaria, e poderá desenvolverse, con carácter xeral, en pequenos grupos, cun máximo de cinco alumnas ou alumnos de forma simultánea.

Da atención excepcional fóra da aula á que se refire o parágrafo anterior, exclúense as intervencións do profesorado de Audición e Linguaxe que teñan que ver coa reeducación da produción oral do alumnado. Neste caso, esas intervencións só ocuparán unha fracción do período lectivo.

5.2.4. FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN

A escolarización en Educación Infantil, Primaria ou Secundaria poderá, excepcionalmente, aumentarse ou reducirse nun ano respecto do establecido con carácter xeral, en función, respectivamente, das necesidades educativas especiais ou das altas capacidades do alumnado.

Para tal fin, será imprescindible a constatación da aplicación previa doutras medidas de adaptación curricular ou organizativas, previstas para a atención das necesidades específicas do alumno e da alumna.

O período de escolarización poderase aumentar cando un alumno/a con necesidades educativas especiais non acadou a progresión adecuada dos obxectivos da etapa e non alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes e teña esgotadas as opcións de permanencia ordinarias na etapa.

Educación Infantil: poderase aumentar excepcionalmente nun ano respecto do disposto con carácter xeral. En ningún caso será posible permanecer nesta etapa máis alá do ano natural no que se cumpran os sete anos de idade.

Educación Primaria: poderase aumentar excepcionalmente nun ano con respecto do disposto con carácter xeral. No caso de non ter permanecido un ano máis na educación infantil, será posible aumentar un segundo ano con carácter excepcional. En calquera caso, non se poderá continuar na educación primaria máis alá do ano natural no que se cumpran os quince anos de idade.

Educación Secundaria Obrigatoria: poderase permanecer excepcionalmente un ano máis respecto do disposto con carácter xeral. Non obstante, esta medida non será de aplicación nun curso no que xa se permanecese un ano máis.

O período de escolarización poderase reducir cando un alumno con altas capacidades teña acadado os obxectivos da etapa e o grao de adquisición das competencias.

5.2.5. MODALIDADE DE ESCOLARIZACIÓN COMBINADA

O alumno/a escolarizado nun centro ordinario que requira recursos non dispoñibles neste poderá escolarizarse a tempo parcial nunha aula ou nun centro de educación especial.

1. Requisitos. Alumnado con NEE que require modificacións significativas do currículo en parte ou en todas as áreas ou materias e que precisa a utilización de recursos moi específicos ou excepcionais, necesidades que non poden ser atendidas e recursos que non poden facilitarse dentro das medidas de atención á diversidade dos centros educativos ordinarios.
2. Procedemento de solicitude. O procedemento para o inicio da escolarización combinada inclúe:
 - Realización de avaliación psicopedagóxica
 - Redacción do ditame de escolarización polo orientadora do centro educativo no que se atope escolarizado o alumno ou alumna, acompañado dunha declaración escrita feita polos pais ou titores legais, na que se fará constar a súa valoración da proposta de escolarización.

- Presentación pola dirección do centro da solicitude na xefatura territorial, acompañada da documentación referida, que a resolverá oportunamente logo dos informes que procedan.
3. Procedemento de coordinación. O profesorado de ambos os centros coordinarase no proceso de planificación, atención e avaliación deste alumnado.

Esta modalidade de escolarización poderá revisarse a petición de calquera dos dous centros.

O alumnado pertencerá, para os efectos académicos e administrativos, ao centro educativo que se determine na resolución correspondente.

5.2.6. ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA OU HOSPITALARIA

1. Requisitos. Alumnado que curse ensinanzas de réxime xeral en modalidade presencial en centros sostidos con fondos públicos, que deba permanecer convalecente no domicilio, por prescrición médica, por un período de tempo superior a un mes. Igualmente será obxecto desta atención o alumnado que padeza algunha enfermidade crónica, que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses. En todos os casos, contarase co preceptivo informe médico.
2. Procedementos de coordinación co profesorado externo. O profesorado que realice a atención educativa domiciliaria informará o centro docente da alumna ou do alumno do desenvolvemento desta atención, de acordo co establecido na temporización do programa individualizado. En calquera caso, elaborará, como mínimo, un informe mensual e/ou previo a cada avaliación. Cando a dita atención educativa domiciliaria remate, o profesorado que a realizou entregará ao centro docente un informe final (Anexo VI do protocolo).

A avaliación do alumnado con atención educativa domiciliaria e as decisións de promoción e titulación, de ser o caso, serán competencia e responsabilidade do equipo docente do centro docente no que está matriculado, segundo o establecido na normativa xeral da etapa correspondente.

5.2.7. ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA CON DESFASE CURRICULAR

A determinación das necesidades de cada alumno e cada alumna realizarase a través dunha avaliación inicial no momento da escolarización e do informe do Departamento de Orientación, de ser o caso. A miúdo, o alumnado procedente do

estranxeiro só precisa unha adaptación á nova situación; de darse o caso dun descoñecemento das dúas linguas oficiais da Galicia, este poderá participar nun grupo de adquisición de linguas.

Os plans de orientación de acción tutorial recollen accións deseñadas especificamente para o alumnado procedente do estranxeiro, entre as que se inclúen o plan de acollida, así como medidas de seguimento do seu proceso de integración escolar por parte do profesor tutor.

Adoptaranse cantas medidas se consideren necesarias para proporcionar a debida atención educativa, de tipo curricular e/ou organizativo, podendo ir desde o reforzo educativo, adaptacións curriculares, flexibilización... Seguirán, en todo caso, un programa específico personalizado, en función das competencias curriculares que así o aconsellen.

O alumnado que presente un desfase no seu nivel de competencia curricular de dous ou máis anos poderá ser escolarizado nun curso inferior ao que lle correspondería por idade, sempre que a dita escolarización lle permita completar a etapa nos límites de idade establecidos con carácter xeral, adoptándose as medidas de reforzo educativo máis adecuadas para facilitar a súa integración escolar e a recuperación do desfase curricular, para que lle permitan continuar con aproveitamento os seus estudos. As alumnas e alumnos que, en virtude desta escolarización, non puidesen completar a etapa nos límites de idade establecidos con carácter xeral poderán continuar estudos nas ensinanzas de persoas adultas.

6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS E MEDIDAS DESEÑADAS

6.1. MEDIDAS ORDINARIAS

6.1.1. ELABORACIÓN DOS GRUPOS

Responsables	Temporalización	Recursos
- Equipo Directivo - Asesora DO	- Xullo (infantil/primaria/ secundaria)	- Informes xuntas avaliación

6.1.2. DESDOBRAMENTOS DE GRUPOS

Responsables	Temporalización	Recursos
- Equipo Directivo - Asesora DO	- Xullo (secundaria)	- Informes xuntas avaliación

6.1.3. EXENCIÓNS DE 2.ª LINGUA ESTRANXEIRA

Responsables	Temporalización	Recursos
- Equipo Directivo - Asesora DO	- Xullo/setembro (secundaria)	- Informes xuntas avaliación - Informes avaliación inicial

6.1.4. APLICACIÓN DE REFORZO EDUCATIVO

Responsables	Temporalización	Accións
- Profesor/a-titor/a (elabora) - DO (asesora) - Xunta avaliadora	- En calquera momento do curso	- Comunicación aos pais - Rexistro no XADE

Sempre que sexa necesario, implicará modificación metodolóxica sobre elementos non prescritivos, incluíndo procedementos de avaliación (protocolos TDAH/TEA).

6.1.5. APOIO DO PROFESORADO DENTRO DA AULA

Responsables	Temporalización	Lugares
- Equipo directivo - DO (asesora) - Profesor titor/responsable da materia (elabora e avalía) - Profesorado con dispoñibilidade horaria	- En calquera momento do curso	- Dentro da aula - Puntualmente, fóra

6.1.6. PROGRAMAS DE ENRIQUECEMENTO CURRICULAR

Responsables	Temporalización	Accións
- Equipo Directivo - DO (asesora) - Profesor/a-titor/a (elabora)	- Logo da determinación da existencia de AACC	- Comunicación aos pais - Rexistro no XADE

6.1.7. PROGRAMAS DE REFORZO NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS BÁSICAS

Responsables	Temporalización	Accións
<ul style="list-style-type: none"> - Equipo Directivo (supervisa) - DO (asesora) - Profesor/a-titor/a - Profesor especialista con dispoñibilidade horaria 	<ul style="list-style-type: none"> - En calquera momento do curso 	<ul style="list-style-type: none"> - Comunicación aos pais - Rexistro no XADE

6.1.8. PROGRAMAS DE SEGUIMIENTO DE ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

Responsables	Temporalización	Accións
<ul style="list-style-type: none"> - CCP establece mecanismos - Departamentos - Equipo Directivo (supervisa) 	<ul style="list-style-type: none"> - A principio do curso - Seguimento ao longo do curso. 	<ul style="list-style-type: none"> - Comunicación aos pais - Reflectirase nas programacións (non pode limitarse a unha proba extraordinaria). - Elaboración do Plan de Alumnado con Materias Pendentes

6.1.9. PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DE MATERIAS SUSPENSAS

Responsables	Temporalización	Accións
<ul style="list-style-type: none"> - CCP establece mecanismos - Departamentos - Profesor/a da materia 	<ul style="list-style-type: none"> - Ao longo do curso 	<ul style="list-style-type: none"> - Comunicación aos pais - Reflectirase nas programacións.

6.1.10. PROGRAMAS DE HABILIDADES SOCIAIS E MELLORA DA CONVIVENCIA

Responsables	Temporalización	Accións
<ul style="list-style-type: none"> - DO - CCP (aproba) 	<ul style="list-style-type: none"> - A principios do curso - Nos momentos nos que se xestione unha alteración da convivencia. 	<ul style="list-style-type: none"> - Programas nos recreos - Incluír no PAT. - Programa de intervención específico individualizado

6.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

6.2.1. ADAPTACIÓN CURRICULARES

Responsables	Temporalización	Accións
--------------	-----------------	---------

<ul style="list-style-type: none"> - Equipo docente (decide) - DO (asesora) - Profesor/a da materia (elabora) 	<ul style="list-style-type: none"> - Ao longo do primeiro trimestre 	<ul style="list-style-type: none"> - Comunicación aos pais - Rexistro no XADE
--	--	---

6.2.2. AGRUPAMENTOS FLEXIBLES

Responsables	Temporalización	Accións
<ul style="list-style-type: none"> - Equipo Directivo - DO (asesora) - Inspección (autoriza) 	<ul style="list-style-type: none"> - Antes do inicio do curso - Revisión trimestral 	<ul style="list-style-type: none"> - Comunicación aos pais - Autorización da inspección - Rexistro no XADE

6.2.3. APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E EN AUDIÇÃO E LINGUAXE

Responsables	Temporalización	Accións
<ul style="list-style-type: none"> - Equipo docente (decide) - DO (asesora) - Profesor/a-titor/a (seguimento) - PT/AL (implementa) 	<ul style="list-style-type: none"> - En calquera momento do curso 	<ul style="list-style-type: none"> - Comunicación aos pais - Elaboración do plan de traballo - Seguimento pola titoría

6.2.4. FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN

Responsables	Temporalización	Accións
<ul style="list-style-type: none"> - Profesor/a-titor/a (propón) - DO (asesora) - Equipo Directivo (tramita) - EOE (asesora) - Inspección (informa) - DX (aproba) 	<ul style="list-style-type: none"> - Ao remate do curso 	<ul style="list-style-type: none"> - Comunicación aos pais - Autorización da Dirección Xeral

6.2.5. MODALIDADE DE ESCOLARIZACIÓN COMBINADA

Responsables	Temporalización	Accións
<ul style="list-style-type: none"> - Profesor/a-titor/a (propón) - DO (asesora) - Equipo Directivo (tramita) - EOE (asesora) - Inspección (informa) - XT (aproba) 	<ul style="list-style-type: none"> - Ao remate do curso 	<ul style="list-style-type: none"> - Comunicación aos pais - Seguimento trimestral - Coordinación co centro de EE - Autorización da Xefatura Territorial

6.2.6. ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA OU HOSPITALARIA

Responsables	Temporalización	Accións
--------------	-----------------	---------

<ul style="list-style-type: none"> - Equipo directivo - DO (asesora) - XT (autoriza) 	<ul style="list-style-type: none"> - Ao longo do curso 	<ul style="list-style-type: none"> - Envío de anexos á Xefatura Territorial. - Elaboración de plan de coordinación co profesorado externo - Autorización do XT
---	---	---

6.2.7. ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA CON DESFASE CURRICULAR

Responsables	Temporalización	Accións
<ul style="list-style-type: none"> - Equipo Directivo - DO 	<ul style="list-style-type: none"> - En calquera momento do curso 	<ul style="list-style-type: none"> - Comunicación aos pais - Definición do tempo e carga horaria

7.MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN

7.1. REUNIÓNS NO PROPIO CENTRO

a) Departamento de Orientación. Celébranse catro reunións no curso, a primeira, no mes de setembro, para organizar os recursos humanos, os horarios, os espazos...

A segunda, terceira e cuarta reunión, logo das reunións de avaliación, coa finalidade de realizar un seguimento das actuacións realizadas.

Na cuarta reunión, ademais, analízase o desenvolvemento das medidas de atención á diversidade dese curso e propóñense melloras cara ao próximo curso.

b) Avaliación inicial

c) Sesións de avaliación. Realízanse tres, unha por trimestre.

d) CCP

7.2. REUNIÓNS COS CENTROS ONDE EXISTA ALUMNADO EN ESCOLARIZACIÓN COMBINADA

Débese establecer unha comunicación fluída ou a través da familia co titor/a (plataforma de comunicación CIFRA) ou telefonicamente coa xefa do departamento.

Realizaranse reunións de avaliación trimestrais prefixadas ao inicio de curso, considerándose conveniente realizar unha a principio de curso. Os participantes na dita reunión deberían ser o titor do centro de educación especial, o titor do centro ordinario, a familia e a xefa do Departamento de Orientación e, de ser o caso, o mestre especialista en PT ou AL que estea a atender este alumnado.

7.3. REUNIÓNS COS PROFESIONAIS QUE ATENDEN ALUMNADO EN ATENCIÓN DOMICILIARIA OU HOSPITALARIA

Temporalización segundo o plan de coordinación elaborado.

8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, COS PAIS OU COS TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

8.1. COLABORACIÓN CON FAMILIAS OU TITORES LEGAIS

Plataforma de comunicación CIFRA, Abalar, correo electrónico, comunicación de horarios de atención do profesorado na reunión de principio de curso.

8.2. COLABORACIÓN CON INSTANCIAS EXTERNAS

O centro mantén relacións fluídas con diversas organizacións e entidades de diferentes ámbitos. No aspecto local e dentro do referido á atención á diversidade, débese sinalar a colaboración con Cáritas, a asociación Lar Pro-Saúde Mental, Cruz Vermella, o Centro de Educación Especial Bata-Os Mecos... e, dunha maneira moi especial, co Concello de Vilagarcía e cos diversos servizos que o integran: SPAD, Policía Local, Igualdade, Xuventude, Servizos Sociais... No ámbito autonómico e estatal, o centro colabora cos diferentes organismo oficiais (Inspección Educativa, Xefatura Territorial, Consellería de Educación, Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado...) e con entidades privadas como Fundación Barrié, Federación Española de Sociedades de Profesores de Matemáticas, AESLEME...

8.3. PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO

Cubrir e tramitar coa Inspección Educativa o Modelo para a solicitude de intervención ao Equipo de Orientación Específico (EOE), acompañada polo informe psicopedagóxico elaborado pola xefa do Departamento de Orientación.

9.PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E A AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

9.1. PROTOCOLO DE DERIVACIÓN DO ALUMNADO AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Os titores/as solicítanlle intervención ao Departamento de Orientación, logo da avaliación inicial, da avaliación trimestral ou, puntualmente, cando xorde unha necesidade evidente. A solicitude realizarase a través do rexistro Solicitude de Intervención ao Departamento de Orientación, elaborado polo centro.

9.2. ADAPTACIÓN CURRICULAR

Tramitarase a través do modelo de rexistro facilitado por Inspección Educativa.

9.3. FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN

1. Por redución da duración do período de escolarización para o alumnado con altas capacidades (Infantil, Primaria, ESO)

Os prazos para tramitar e resolver as solicitudes de flexibilización por redución do período de escolarización no segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria e en Educación Secundaria Obrigatoria son os que seguen:

- a) O mes de marzo, para que as direccións dos centros docentes lles remitan ás xefaturas territoriais as solicitudes de flexibilización.
- b) O mes de abril, para que as xefaturas territoriais lles dean traslado á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional ás solicitudes de flexibilización da duración do período de escolarización, xunto coa correspondente documentación.
- c) O mes de xuño, para que a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional adopte as resolucións que procedan e llelas comunique ás direccións dos centros docentes, que deberán trasladarllelas ás persoas interesadas.

2. Por ampliación da duración do período de escolarización nas tres etapas (Infantil, Primaria, ESO)

Os prazos para tramitar e resolver as solicitudes de flexibilización por ampliación da duración do período de escolarización do alumnado escolarizado no terceiro curso do segundo ciclo de Educación Infantil e no derradeiro curso de Educación Primaria son os que seguen:

- a) O mes de abril, para que as direccións dos centros docentes lles remitan ás xefaturas territoriais as solicitudes de flexibilización.

- b) O mes de maio, para que as xefaturas territoriais lle dean traslado á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional ás solicitudes de flexibilización da duración do período de escolarización, xunto coa correspondente documentación.
- c) O mes de xuño, para que a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional adopte as resolucións que procedan e llelas comunique ás direccións dos centros docentes; estas deberán trasladárllas ás persoas interesadas.

Os prazos para tramitar e resolver as solicitudes de flexibilización por ampliación da duración do período de escolarización do alumnado escolarizado en Educación Secundaria Obrigatoria, que deben tramitarse logo de realizada a avaliación extraordinaria, son os que seguen:

- d) Dentro dos cinco días naturais seguintes á sesión de avaliación da alumna ou do alumno: solicitude da dirección do centro docente dirixida á xefatura territorial que corresponda.
- e) Dentro dos cinco días naturais seguintes á recepción da solicitude: traslado á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, por parte da xefatura territorial, da solicitude de flexibilización.
- f) Dentro dos cinco días naturais seguintes á recepción da documentación procedente da xefatura territorial: resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional e comunicación á dirección do centro docente; esta deberá trasladárllas ás persoas interesadas.

O proceso de solicitude e resolución da flexibilización da duración do período de escolarización realizarase a través dunha aplicación informática específica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

9.4. AGRUPAMENTOS FLEXIBLES

Tramitaranse a través do modelo de rexistro facilitado por Inspección Educativa.

10. MEDIDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROTOCOLOS ESTABLECIDOS POLA CONSELLERÍA

10.1. ABSENTISMO

O tema da prevención do absentismo trabállase desde varias fronteiras:

- Ao inicio de curso, tanto nas reunións iniciais coas familias coma nas explicacións das normas ao alumnado nos primeiros días do curso
- A través do PAT
- Co control da asistencia e a comunicación coas familias a través da plataforma CIFRA

10.2. TDAH/TDA

Ao inicio de curso, a xefa do Departamento de Orientación trasládalle aos titores/as a información relevante do alumnado que hai na súa titoría con diagnóstico de TDAH e TDA. Asesóralos/as tanto nas metodoloxías que deben empregar como na medida máis adecuada a cada alumno/a para atender a súa diversidade (organizativas, situación na aula, tempos de execución para as tarefas, uso da axenda, tipo de exames...).

10.3. TEA

Ao inicio de curso, a xefa do Departamento de Orientación trasládalle aos titores/as a información relevante do alumnado que hai na súa titoría dentro do espectro autista.

Na reunión dos membros do Departamento de Orientación de inicio de curso distribúense os recursos humanos para prestar as medidas de atención á diversidade que precisa cada un destes alumnos/as (PT, AL, AC, cuidador/a, agrupamentos flexibles ou medidas ordinarias que precisen: RE dos docentes ou do profesorado con dispoñibilidade horaria).

10.4. DISLEXIA E OUTRAS DIFICULTADES ESPECÍFICAS DA APRENDIZAXE

Ao inicio de curso a xefa do Departamento de Orientación trasládalle aos titores/as a información relevante do alumnado que hai na súa titoría con diagnóstico de dislexia e outras dificultades específicas da aprendizaxe.

Asesora tanto nas metodoloxías que deben empregar como na distribución dos recursos humanos (mestre/a especialista en AL).

11. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

O seguimento do cumprimento do PXDA realízase primeiro nas reunións de avaliación trimestral de avaliación dos cursos (a xefa do Departamento de Orientación participa en todas as reunión da ESO e a persoa encargada da Dirección do centro, nas de Infantil e de Primaria) e logo nas reunións dos membros do Departamento de Orientación, nas que participa a persoa encargada da dirección do centro (acta da reunión).

A avaliación e propostas de mellora refléctense na memoria anual do Departamento de Orientación.

12. ANEXOS

12.1. MODELO DE SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

12.2. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Á FAMILIA POR AC E DOCUMENTO DE SEGUIMENTO DA AC

12.3. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Á FAMILIA POR AGRUPAMENTO FLEXIBLE

12.4. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Á FAMILIA POR ATENCIÓN PT/AL

12.5. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Á FAMILIA POR AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

12.6. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Á FAMILIA POR EXENCIÓN DE FRANCÉS

12.7. INFORME INDIVIDUAL FINAL DE CURSO SOBRE MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO

12.8. PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS



SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

DATA DA SOLICITUDE:

REALIZADA POR:

DATOS PERSOAIS DO ALUMNO/A

NOME:

APELIDOS:

DATA DE NACEMENTO:

CURSO:

DATOS SIGNIFICATIVOS

1. MOTIVO DA SOLICITUDE:

.....

.....

2. ACTITUDE ANTE O TRABALLO:

.....

3. MEDIDAS EDUCATIVAS PREVIAS:

.....

4. AXUDA EXTERIOR AO CENTRO:

.....

5. ACEPTACIÓN DA FAMILIA E AMBIENTE FAMILIAR:

.....

.....



CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Á FAMILIA POR ADAPTACIÓN CURRICULAR

D./Dna. ,
con DNI , pai/nai/representante legal do alumno/a
..... ,
manifesto que fun informado/a da adaptación curricular realizada para o meu
fillo/filla/representado/a, así como da posibilidade de recorrer, no caso de
desacordo, diante do Centro e da Inspección Provincial de Educación. Tamén se
me informou de que a dita adaptación pode condicionar a obtención do título da
ESO para o meu fillo/filla/representado/.

Vilagarcía de Arousa, de de

.....
Sinatura

Observacións:

Profesor/a titor/a

Visto e prace
A Dirección

Asdo.:.....

Asdo.:.....



CONSTANCIA DE INFORMACIÓN E CONFORMIDADE DA FAMILIA PARA O AGRUPAMENTO FLEXIBLE

D./Dna. ,
con DNI , pai/nai/representante legal do alumno/a
..... ,

manifesto que fun informado/a dos motivos e do contido do agrupamento flexible para o meu fillo/filla/representado/a así como da posibilidade de recorrer, no caso de desacordo, diante do Centro e da Inspección Provincial de Educación.

Vilagarcía de Arousa, de de

.....
Sinatura

- Conformidade
 Non conformidade

Observacións:

Profesor/a titor/a

Visto e prace
A Dirección

Asdo.:.....

Asdo.:.....



CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Á FAMILIA POR INTERVENCIÓN PT/AL

D./Dna. ,
con DNI , pai/nai/representante legal do alumno/a
.....,
manifesto que fun informado/a da necesidade da intervención dos/das
mestres/as especialistas en PT ou/e AL co meu fillo/filla/representado/a, así
como da posibilidade de recorrer, no caso de desacordo, diante do Centro e da
Inspección Provincial de Educación.

Vilagarcía de Arousa, de de

.....
Sinatura

Observacións:

Profesor/a titor/a

Visto e prace
A Dirección

Asdo.:.....

Asdo.:.....



**CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Á FAMILIA POR AVALIACIÓN
PSICOPEDAGÓXICA**

D./Dna.,
con DNI, pai/nai/representante legal do
alumno/a,
manifesto que fun informado/a dos motivos da realización da **avaliación
psicopedagóxica** que se lle vai realizar ao meu fillo/a e de que se me transmitirán
os resultados, así como as posibles orientacións e propostas de actuación.

Vilagarcía de Arousa, de de 20....

.....
Sinatura

Observacións:

Profesor/a titor/a

Asdo.:.....



CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Á FAMILIA DA EXENCIÓN DE FRANCÉS

Atendendo á Resolución do 23 de maio de 2022 no seu artigo 11, **proponse a exención** na segunda lingua estranxeira (francés) no presente curso para o alumno/a:

.....

D./Dna.,

con DNI.....,

manifesta que foi informado/a da decisión tomada respecto do seu fillo/a.

Data:.....

Sinatura

Asdo.:

OUTRAS OBSERVACIÓNS:


Vilagarcía de Arousa, de de 202_

V. e P.
A Dirección

Profesor/a titor/a

Asdo.:

Asdo.:

	CPR Plurilingüe SAGRADA FAMILIA Vilagarcía de Arousa	PC - 03 Revisión 0 Páxina 1 de 1
INFORME INDIVIDUAL FINAL DE CURSO SOBRE MEDIDAS DE R.E.		

Curso 20.....-20.....

DATOS DO ALUMNO/A

Apelidos e nome:
Data de nacemento:
Curso:

MATERIA:.....
[Por cada materia na que o alumno/a recibiu RE]

PROFESOR/A DA MATERIA:.....

DATOS DO REFORZO EDUCATIVO

Data de comezo do RE..... Data do remate do RE.....

Descrición das medidas desenvolvidas:

- a) Cal foi o motivo?
- b) En que consistían? (breve descrición)
- c) Como se avaliaban?

VALORACIÓN FINAL DAS MEDIDAS DE RE

- Acadáronse os obxectivos previstos nelas.
- Foron eficaces, pero a mellora non se extrapolaba ao traballo diario.

PREVISIÓN PARA O CURSO SEGUINTE (indíquese se se considera que este alumno/a, no próximo curso, pode verse beneficiado/a polas medidas de RE ou precisa outras medidas de atención á diversidade).

.....
.....
.....

Vilagarcía de Arousa, de de 20.....

Profesor/a titor/a

Asdo.:.....

PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS PARA ESO E PRIMARIA

INTRODUCCIÓN

As habilidades sociais son condutas que facilitan a relación interpersoal de maneira non agresiva nin inhibida, senón asertiva. As habilidades sociais non son simples normas de urbanidade, impostas pola sociedade e internalizadas por cada un de nós, senón condutas verbais e non verbais que facilitan unha relación interpersoal asertiva. Como exemplo de habilidades sociais podemos citar calquera conduta hábil de comunicación interpersoal como:

- saber escoitar,
- saber eloxiar o ben feito, saber desculparse polo mal feito,
- saber dicir non e presentar unha queixa e tamén saber recibila,
- saber mostrar desacordo,
- saber negociar e pórse de acordo con quen non se estaba de acordo,
- saber expresar os sentimentos e facer fronte ao medo ao ridículo ou ao fracaso.

É dicir, ter habilidades sociais é ser persoa, relacionarse ben cos demais, ser auténtico e asertivo.

OBXECTIVOS

1. Educar na empatía, ensinar mediante exercicios, discusións e reflexión individual, que existen noutras persoas e que hai que telas en conta e respectalas.
2. Adestrar no diálogo, saber escoitar e comunicar con claridade o pensamento.
3. Ensinar a negociar, a poñerse de acordo de maneira xusta.
4. Desenvolver a solidariedade, que coñezan a alegría de compartir, que participen democraticamente nas discusións e na toma de decisións.
5. Adestrar para unha crítica construtiva da realidade persoal e social.
6. Animalos/as a poñerse de acordo sobre as normas de convivencia que afectan a todo o grupo.

DESTINATARIOS/AS

As habilidades sociais trabállanse no noso centro desde una dobre vía:

- Formando parte do noso P.A.T. e así os destinatarios son todo o alumnado da ESO e de Educación Primaria.
- Individualmente, como medida restaurativa ante una situación de alteración da convivencia que o precise: aula de convivencia inclusiva. Este é un espazo

educativo onde o alumnado poderá acudir exclusivamente cando se vexa privado do seu dereito a participar no normal desenvolvemento das actividades lectivas, como consecuencia da imposición dunha corrección ou medida disciplinaria. Deste xeito, quen reciba esta medida deberá realizar unha reflexión (oral ou por escrito) sobre o tema de habilidades sociais, relacionado coa razón que o levou a estar nesta aula.

O Departamento de Orientación asesorará ou facilitará materiais aos/ás docentes encargados/as de acompañar o alumnado.

TEMPORALIZACIÓN

No P.A.T. da ESO: unha sesión semanal

En Educación Primaria: traballaranse de forma transversal, dedicándolle un tempo determinado cando se dea unha situación de alteración da convivencia que o requira.

Na aula de convivencia o tempo está determinado na sanción.

AVALIACIÓN

Realizarase a través da avaliación do P.A.T. ou do Plan de Convivencia do centro.